

Aprobación inicial da modificación da Ordenanza Reguladora do uso das praias do Concello de Muros

ANUNCIO

Aprobación inicial da modificación da Ordenanza Reguladora do uso das praias do Concello de Muros

O Pleno do Concello de Muros, en sesión ordinaria celebrada o día 27 de marzo de 2025, aprobou inicialmente a modificación da Ordenanza Reguladora do uso das praias do Concello de Muros

De conformidade cos artigos 49 e 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e 56 do Texto Refundido de Réxime Local, sométese a información pública e audiencia das persoas interesadas, polo prazo de trinta días, a contar desde o día seguinte á inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, para que poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións e suxestións que se estimen oportunas.

Durante o devandito prazo poderá ser examinado por calquera interesado na Secretaría municipal, para que formulen as alegacións que estimen pertinentes. Así mesmo, estará a disposición dos interesados no taboleiro de anuncios da sede electrónica deste Concello, "<https://sede.muros.gal>"

Rematado o período de exposición pública a Corporación adoptará o acordo definitivo que proceda resolvendo as reclamacións que se presentasen, e aprobando a redacción definitiva da Ordenanza a que se refire o acordo provisional.

No caso de que non se presentasen reclamacións, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional sen necesidade de novo acordo plenario.

En Muros, 3 de abril de 2025

A Alcaldesa

María Lago Lestón.